

Bioloxía e Xeoloxía

# Ciencia Cidadá

*Guía Microplásticos na area*

Guía didáctica do proxecto Microplásticos na area que ofrece as pautas e metodoloxía necesarias para a participación neste proxecto de ciencia cidadá facendo partícipe o alumnado durante todas as fases e creando conciencia da situación medioambiental das nosas costas.

- Esta guía foi deseñada coa colaboración de **Jose Viñas**, experto en Ciencia Cidadá, quen comparte baixo a súa experiencia as claves para aproveitar o valor pedagóxico que aporta a incorporación deste tipo de prácticas na aula.
- A **Ciencia Cidadá** achega investigacións científicas nas que calquera persoa pode participar de forma voluntaria xunto á comunidade científica profesional. É, polo tanto, un proceso no que cada persoa pode ter un rol activo nunha comunidade científica, colaborando directamente con profesionais e aprendendo sobre o mundo que nos rodea.

- **Idioma do contido:** creadas dúas versións desta guía, en galego e castelán.

- **Obxectivos:**

- Empregar a ciencia cidadá como unha ferramenta potente de ensinanza de ciencias, para cubrir a aprendizaxe dunha serie de contidos curriculares ou ben como actividade complementaria.
- Implicar de forma activa ao alumnado en actividades de investigación científica real a través de accións sinxelas: recompilación e envío de datos, análise e catalogación de imaxes ou vídeos, argumentación de conclusións etc.
- Outorgar ao alumnado un rol activo nunha investigación científica, intervindo e liderando algunhas fases do proceso. A participación en todos os pasos do proceso da investigación ofrece unha aprendizaxe complexa e comprensiva da realidade investigadora e do método científico.
- Desenvolver no alumnado as súas competencias científicas: aprendendo ciencia, facendo ciencia.
- Implicar ao alumnado no seu proceso

de ensinanza-aprendizaxe a través do método científico, despertando o seu espírito crítico e capacidade de análise e resolución de problemas.

- Educar e sensibilizar en valores científicos e ambientais a través da participación voluntaria en proxectos que interveñen directamente na realidade (cambio climático, deforestación, contaminación...), e que requiren de axuda complementaria para a recollida, análise e procesamento dos seus datos.
- **Número de sesións estimadas:** 4-5 aproximadamente.